



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL E A CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA O INTERCAMBIO DE DATOS DE ACCIDENTES DE TRABALLO PARA DESENVOLVER O PROGRAMA DE DETECCIÓN DE TERCEIROS OBRIGADOS AO PAGAMENTO NA ASISTENCIA SANITARIA DISPENSADA NO SERVIZO PÚBLICO DE SAÚDE

En Santiago de Compostela, a 15 de setembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria en virtude do nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e presidente do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, consonte ao disposto no artigo 8 dos estatutos do Instituto, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, que ten a competencia para a sinatura do presente acordo de conformidade co establecido no artigo 9 dos estatutos.

Doutra, o conselleiro de Sanidade en virtude do nomeamento polo Decreto 125/2015, do 4 de outubro, e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo coas facultades atribuídas polo Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, para o exercicio das atribucións que describe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e polo Decreto polo Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómica de Galicia.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, establece que esta é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal corresponde



propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral, que engloba, entre outras, as competencias en materia de seguridade e saúde laboral.

Segundo este mesmo decreto queda adscrito a esta consellería o organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (en adiante ISSGA).

O ISSGA, creado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula, modificada pola lei 12/2011, do 26 de decembro, e pola lei 14/2013, do 26 de decembro, é un organismo autónomo que se configura como o órgano técnico da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais.

O instituto actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins, en virtude do disposto no artigo 6 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, e entre as súas funcións está a de prestarlle colaboración e asesoramento técnico á autoridade sanitaria.

SEGUNDO.- O artigo 1.2 da Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 16 de decembro de 1987, pola que se establecen novos modelos para a notificación de accidentes de traballo e se dan instrucións para a súa cumprimentación e tramitación, designa á autoridade laboral como un dos destinatarios do parte de accidente de traballo.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria é a autoridade laboral na Comunidade Autónoma de Galicia, isto é, é o órgano que está facultado para entender sobre a lexislación laboral. Como tal correspóndelle recibir as comunicación de accidentes de traballo que se producen nas empresas.

En virtude das funcións que ten atribuídas o ISSGA, este efectúa o seguimento, tratamento e control das comunicacións de accidentes de traballo que se producen nas empresas galegas.

TERCEIRO.- O Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración



autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade.

De acordo con este decreto, a Secretaría Xeral Técnica ten, entre outras, a función de inspección, que se exerce sobre todos os centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias e farmacéuticas de titularidade pública ou privada da Comunidade Autónoma de Galicia. Os efectivos que desenvolven esta función dependen organicamente da xefatura territorial correspondente e funcionalmente da Secretaría Xeral Técnica.

CUARTO.- O Plan de inspección sobre centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias para o período 2014-2017, aprobado pola Orde do 12 de febreiro de 2014, inclúe un *Programa de detección de terceiros obrigados ao pagamento na asistencia sanitaria dispensada no Servizo Público de Saúde*. O obxecto xeral deste programa é detectar as responsabilidades de terceiros obrigados ao pagamento, instrumentar as accións oportunas para detectar estas desviacións e facilitar a súa facturación.

Así, entre as actuacións específicas deste programa estase a desenvolver un subprograma específico de detección de asistencia sanitaria facturable ás Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social, así como a outros terceiros obrigados ao pagamento.

QUINTO.- O artigo 11 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sinala que a elaboración de normas preventivas e o control do seu cumprimento, a promoción da prevención, a investigación e a vixilancia epidemiolóxica sobre riscos laborais, accidentes de traballo e enfermidades profesionais determinan a necesidade de coordinar as actuacións das Administracións competentes en materia laboral e sanitaria.

SEXTO.- Para desenvolver o subprograma específico de detección de asistencia sanitaria facturable ás Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social, así como a outros



terceiros obrigados ao pagamento, a Consellería de Sanidade precisa os datos sobre os accidentes de traballo de que dispón o ISSGA.

Así, a cesión de datos á Consellería de Sanidade constitúe unha cesión de datos definida polo artigo 3 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. O artigo 7.3 desta lei indica que os datos de carácter personal que fagan referencia á saúde soamente poderán ser tratados e cedidos cando, por razóns de interese xeral, así o dispoña unha lei ou o afectado o consinta expresamente. Pola súa banda o artigo 11 sinala que os datos de carácter persoal obxecto do tratamento soamente poderán ser comunicados a un terceiro para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas do cedente e do cesionario co previo consentimento do interesado, consentimento que non será preciso cando a cesión estea autorizada por unha lei.

A cesión de datos faise á Consellería de Sanidade que é quen realiza funcións inspectoras e ademais ten carácter de autoridade pública, segundo establece o propio Decreto de estrutura orgánica da consellería e o Decreto 53/2014, do 16 de abril, de ordenación da Inspección de Servizos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

A cobertura legal desta cesión de datos ven garantida polo artigo 31 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, que dispón que o persoal ao servizo das Administracións Públicas que desenvolva as funcións de inspección, cando exerza tales funcións e acreditando se é preciso a súa identidade, estará autorizado para proceder ás probas, investigacións ou exames precisos para comprobar o cumprimento desa mesma lei e das normas que se diten para o seu desenvolvemento, e para realizar cantas actuacións sexan precisas, en orde ao cumprimento das funcións de inspección que desenvolvan.

Tendo en conta que a cesión dos datos se produce no exercicio das funcións e competencias que, no eido da vixilancia e protección da saúde pública e laboral, teñen encomendadas as institucións asinantes, trátase dun suposto plenamente cuberto pola previsión normativa indicada.



Os datos a ceder recóllense no ficheiro titularidade do ISSGA denominado “Relacións informativas coa cidadanía e entidades”. Neste ficheiro recóllese o suposto de comunicación ou cesión de datos para a “*Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e Servizo Galego de Saúde (Sergas) para a facturación a terceiros no marco do Programa de detección de terceiros obrigados ao pagamento na asistencia sanitaria dispensada no Servizo Público de Saúde*”.

En base ao enunciado nos puntos anteriores, o ISSGA, entende procedente intercambiar coa Consellería de Sanidade a información relativas aos accidentes de traballo que lle son comunicados.

Por canto antecede , as partes acordan subscribir o presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións, requisitos e procedementos polos que se debe rexer a cesión de datos en materia de accidentes de traballo entre o ISSGA e a Consellería de Sanidade, para desenvolver esta última o *Programa de detección de terceiros obrigados ao pagamento na asistencia sanitaria dispensada no Servizo Público de Saúde*, en concreto o *Subprograma específico de detección de asistencia sanitaria facturable ás Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social*, así como a outros terceiros obrigados ao pagamento, preservando en todo caso os dereitos das persoas ás que se refira a información.

SEGUNDA.- Finalidade

A finalidade deste convenio é artellar a cesión de datos de carácter persoal e o acceso aos sistemas de información necesarios para cumprir as funcións encomendadas á Consellería de Sanidade permitindo o acceso aos datos persoais relativos a antecedentes sanitarios necesarios.



Conforme ao disposto no artigo 11.5 da Lei Orgánica 15/1999, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde obríganse, polo só feito da cesión, á observancia das disposicións contidas na Lei Orgánica 15/1999 e no Real Decreto 1720/2007.

A Consellería de Sanidade poderá ter acceso e tratar os datos referidos a accidentes de traballo contidos nos sistemas do ISSGA aos que se lle conceda permiso de acceso, sempre que isto resulte imprescindible para desenvolver o *Programa de detección de terceiros obrigados ao pagamento na asistencia sanitaria dispensada no Servizo Galego de Saúde* e en todo caso limitándose á información de carácter sanitario das persoas as que fagan referencia.

A cesión de datos perseguirá unicamente a finalidade prevista nas normas xurídicas que determinan o eido competencial indicado na parte expositiva do presente convenio, isto é, a colaboración para exercer o control do aseguramento e/ou a existencia de dereito de acceso ao sistema públicos polos diferentes usuarios, detectando as responsabilidades de terceiros obrigados ao pagamento e dirixindo e instrumentando as accións oportunas para detectar estes servizos e proceder e facilitar a súa facturación. Isto de acordo co Programa de detección de terceiros obrigados ao pagamento na asistencia sanitaria dispensada no Servizo Público de Saúde, incluído no Plan de inspección sobre centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias para o período 2014-2017.

Non se contempla neste convenio a cesión que puidera levarse a cabo entre as partes para o cumprimento de calquera outra das finalidades e funcións que teñan asignadas pola normativa que lles é de aplicación.

TERCEIRA.- Principios da cesión de datos

A cesión de datos axustarase aos seguintes principios e regras:

1. Adecuación dos datos subministrados ás funcións e competencias do cesionario.
2. Relevancia e utilidade da información para os fins que xustifican o intercambio.



3. Proporcionalidade entre os datos subministrados e os fins para os que se solicitan.
4. Seguridade na transmisión e acceso empregados.
5. Eficiencia e minimización de custos.
6. Estrita afectación aos fins que xustifican a cesión e para os que se solicitan os datos, sen que a información poida utilizarse en prexuízo dos interesados ou afectados en ningún caso.
7. Intransferibilidade dos datos subministrados, sen que o destinatario poida, á súa vez, cedelos a terceiros.

CUARTA.- Procedemento de intercambio, control e seguridade dos datos cedidos.

1. No que respecta ao alcance do intercambio de datos, será o suficiente para o exercicio das funcións da inspección de servizos sanitarios. Para iso, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade designará unha persoa responsable que se encargará de solicitar ao ISSGA, por escrito, os datos que sexan necesarios para o exercicio das devanditas funcións, así como para recibir do ISSGA os datos solicitados. Do mesmo xeito, a persoa designada informará ao ISSGA sobre as propostas resultantes de dito programa.

Cando as persoas que, por conta da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde, accedan a datos de carácter persoal, deben facelo do seguinte xeito e con estas condicións:

- a) O acceso debe entenderse sempre subsumido dentro da categoría de cesión de datos conforme ao disposto no artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, e non como un acceso aos datos por conta de terceiro. Polo tanto, a Consellería de Sanidade mantén en calquera acceso a condición de destinatario ou cesionario con relación aos datos en cuestión.
- b) Aos efectos do acceso e o tratamento, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de saúde quedan obrigados con carácter xeral polo deber de confidencialidade e seguridade dos datos de carácter persoal.



c) Con carácter específico, en todas as previsións das actividades que forman parte do exercicio das súas funcións a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde están suxeitos ao disposto no artigo 9 da Lei Orgánica 15/1999 relativo aos requisitos e as condicións que deben cumprir os sistemas e as persoas que participen no tratamento dos datos que son:

c.1) Deben utilizarse os datos de carácter persoal única e exclusivamente para a finalidades determinadas neste Convenio.

c.2).- Cando sexa necesario, de acordo co previsto no art. 11 da LO 15/1999, obter o consentimento das persoas afectadas para a cesión dos datos coa finalidade prevista, seguirase un modelo de consentimento que debe anexarse ao Convenio.

c.3).- Dado que na fase de facturación os datos se tratarán por persoal non sanitario é imprescindible constatar o secreto profesional con relación aos datos de carácter persoal ás persoas que interveñan por conta da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde en calquera fase do tratamento.

Ademais a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde obríganse ao cumprimento dos procedementos de identificación, autenticación e control de acceso de usuarios establecidos no sistemas de información de que dispoñen.

c.4) A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde debe comunicar e facer cumprir aos seus empregados e a calquera persoal que teña acceso aos datos de carácter persoal as obrigas establecidas nos apartados anteriores, especialmente as relativas ao deber de secreto e ás medidas de seguridade.

c.5) A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde non poden facer copias, volcados ou calquera outra operación de conservación de datos con finalidades diferentes das establecidas neste Convenio con relación aos datos de carácter persoal aos que teña acceso.

2. O control e seguridade dos datos subministrados rexerase polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no regulamento de desenvolvemento desta lei orgánica, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, e nos documentos de seguridade dos que dispoñan as partes asinantes respecto dos datos que procesen.



3. Os datos que se ceden están sometidos a un nivel de seguridade clasificado como alto na Orde de 14 de outubro de 2011 pola que se crean e regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes no organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (DOG núm. 213, do 8 de novembro), modificada pola Orde do 22 de maio de 2017 (DOG núm. 116, do 20 de xuño).

En canto o nivel de seguridade, a Consellería de Sanidade e as persoas que se encarguen do tratamento poden ter acceso a datos necesarios para detección de terceiros obrigados ao pagamento. No caso de que fora necesario acceder a datos protexidos relativos á saúde dos cidadáns e de conformidade cos artigos 7 e 8 da Lei Orgánica 15/1999, o nivel de seguridade esixido debe ser o nivel alto, de conformidade co Real Decreto 1720/2007.

En todas as previsións das actividades que forman parte do exercicio das súas funcións, é necesario aplicar as medidas de índole técnica e organizativa que establece o artigo 9 da Lei Orgánica 15/1999 co fin de garantir a seguridade dos datos de carácter persoal e evitar a alteración, perda e o tratamento non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que están expostos, tanto se proveñen da acción humana coma dos medios físico ou natural.

4. Establécense os seguintes controis sobre a custodia e actualización da información subministrada ao abeiro deste acordo:

a) Control interno.

A Consellería de Sanidade realizará controis sobre a custodia e utilización que dos datos recibidos realicen as autoridades, funcionarios ou persoal dependente dela, informando ao ISSGA dos resultados obtidos en dito seguimento.

b) Control pola entidade titular da información cedida.

Cando se advirtan anomalías, irregularidades ou xurdan dúbidas sobre a correcta custodia ou utilización da información cedida, ou se detecten incumprimentos dos



principios, regras e garantías establecidas no presente acordo, o ISSGA dirixirase á Consellería de Sanidade para que realice as comprobacións e adopte as medidas que se estimen pertinentes, podéndose suspender ou limitar o intercambio de datos en tanto tales medidas non sexan adoptadas.

Se as anomalías, irregularidades ou dúbidas teñen carácter previo ao intercambio da información, o dito intercambio poderá suspenderse ata que queden completamente aclaradas ou se adopten as medidas que resulten procedentes.

A Consellería de Sanidade outorga a súa aceptación para que, por parte do ISSGA, se poidan adoptar as medidas de garantía procedentes.

Os asinantes do convenio deben informarse recíproca e inmediatamente sobre calquera incidencia nos sistemas de tratamento e xestión da información que tivese ou puidera ter como consecuencia a alteración, a perda e o acceso a datos de carácter persoal e a revelación a terceiras persoas de información confidencial obtida mentres dure a relación de colaboración.

No caso de que a Axencia Española de Protección de Datos faga inspeccións ou requirimentos, o ISSGA, á Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde comprométese a proporcionar a información requirida para facilitar en todo momento as actuacións previstas legalmente e adoptar as medidas que se consideren oportunas derivadas da ditas actuacións.

QUINTA. Garantías.

Cantas autoridades, persoal funcionario e demais persoal ao servizo das partes asinantes que teña coñecemento dos datos ou informacións subministradas, virán obrigados ao máis estrito e completo deber de silexio respecto daqueles datos ou informacións.

Con independencia das responsabilidades penais, administrativas e civís a que houber lugar polo uso inadecuado ou acceso a dita información, e sen prexuízo das funcións que corresponden á Axencia Española de Protección de Datos ou ao órgano correspondente da Comunidade Autónoma ao que se refire o artigo 41 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de



decembro, o ISSGA poderá suspender ou limitar o intercambio de datos cando advirtan anomalías ou irregularidades na súa utilización, así como cando se incumprira calquera das cláusulas do presente acordo.

SEXTA.- Comisión Mixta de Seguimento

Para o bo desenvolvemento do intercambio de información obxecto deste convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións, á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte do ISSGA dúas persoas designadas pola Presidencia; e por parte da Consellería de Sanidade, dúas persoas que designe a Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios.

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

1. Velar polo cumprimento do convenio e polo uso axeitado da información subministrada.
2. Impulsar e desenvolver o convenio.
3. Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
4. Coordinar as actividades necesarias para a execución do convenio, así como para levar a cabo a súa supervisión, seguimento e control.
5. Concretar calquera aspecto relacionado coa subministración de información establecido por este convenio que precise de desenvolvemento posterior.



6. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
7. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

A comisión reunirase coa frecuencia que determinen os seus membros e a instancia de calquera das partes, para examinar os resultados e incidencias da colaboración realizada e a ela poderán ser convocados, con voz pero sen voto, aqueles técnicos que, con carácter asesor, designen as partes.

Os acordos adoptaranse preferentemente por consenso das partes representadas ou, no seu defecto, por maioría simple.

SÉTIMA. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, data de finalización da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2016-2020.

Así mesmo, poderá ser obxecto de prórroga, por anos naturais, salvo denuncia expresa por algunha das partes, que deberá comunicala cunha antelación mínima dun mes antes do seu vencemento o do vencemento das prórrogas. Non obstante, a prórroga será preciso formalizala expresamente.

Malia o anterior, as partes poderán acordar xustificadamente a suspensión unilateral ou a limitación da subministración de información cando advirtan incumprimentos da obriga de sixilo por parte das autoridades, funcionarios ou resto de persoal da entidade cesionaria, anomalías ou irregularidades no réxime de control ou incumprimentos dos principios e regras que deben presidir o intercambio de información, ou cando exista unha modificación substancial dos ficheiros declarados de acordo co previsto neste convenio.



Adoptado o acordo de suspensión ou limitación da subministración darase conta inmediatamente á Comisión de Seguimento, sendo oída esta en orde á revogación ou mantemento do convenio.

OITAVA.- Modificación e resolución do convenio

As partes poderán modificar o presente convenio por mutuo acordo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, mediante un acordo de modificación que requirirá a sinatura dun novo instrumento xurídico.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento por calquera das partes das súas cláusulas.
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- c) A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.

NOVENA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola lexislación administrativa aplicable e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Os conflitos e controversias que puidesen formularse sobre a interpretación e a execución do presente convenio, deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes a través da Comisión Mixta de Seguimento. De non acadarse tal acordo, as cuestións litixiosas que poidan xurdir resolveranse segundo as normas aplicables para o funcionamento do sector público autonómico de Galicia.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Polo Instituto Galego de Seguridade e
Saúde Laboral

Pola Consellería de Sanidade e
o Servizo Galego de Saúde

Conselleiro de Economía, Emprego e
Industria e Presidente do ISSGA

Conselleiro e Presidente do
Servizo Galego de Saúde.

ANEXO



Autorización para a cesión ou comunicación de datos de carácter persoal e o acceso aos sistemas de información necesarios sobre datos de accidentes de traballo para desenvolver o Programa de detección de terceiros obrigados ao pagamento na asistencia sanitaria dispensada no Servizo Público de Saúde

Ao asinar este documento, e de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, vostede da o seu consentimento expreso e informado ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral para ceder ou comunicar á Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde os datos persoais que forman parte do ficheiro “Relacións informativas coa cidadanía e entidades”, inscrito no Rexistro Xeral de Protección de Datos da Agencia Española de Protección de Datos.

Esta cesión realizarase coa finalidade exclusiva de desenvolver o *Programa de detección de terceiros obrigados ao pagamento na asistencia sanitaria dispensada no Servizo Público de Saúde*, en concreto o *Subprograma específico de detección de asistencia sanitaria facturable ás Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social, así como a outros terceiros obrigados ao pagamento*. No caso de non ser revogada, esta autorización manterase vixente durante o proceso de tramitación dos procedementos de facturación a terceiros obriqados, incluíndo tamén as posibles reclamacións.

Informámoslle tamén de que vostede ten o dereito a non dar o seu consentimento a esta cesión de datos e pode revocalo en calquera momento.

Datos da persoa usuaria:

Nome e apelidos:

Nº do documento de identidade:

Data de nacemento:

[Sinatura]

Datos da persoa representante (no seu caso):

Nome e apelidos:

Nº do documento de identidade:

[Sinatura]



Documentación a aportar:

- ☐ Copia do documento de identidade
- ☐ Documento que acredita a representación

....., a día de de

O ficheiro aos que fai referencia este consentimento atópanse inscritos no Registro General de Protección de Datos da Agencia de Protección de Datos (www.agpd.es) e o seu detalle é o seguinte:

“Relacións informativas coa cidadanía e entidades”, creado por Orde do 14/10/2011, pola que se crean e regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes no organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, modificada por Orde do 22/5/17.

O responsable do ficheiro que conteñen os seus datos é o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos ante a Dirección do Instituto, situada no Edificio Igape-ISSGA 3º andar, Complexo Adtvo. San Lázaro, 15703. Santiago de Compostela.